



4º Educación Infantil

# Día das letras galegas 2024

## LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

ED. INFANTIL

Luísa Villalta Gómez naceu na cidade da Coruña.

De pequena estudou na súa cidade natal, a primaria no colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda.

Estudou na Universidade de Santiago e foi profesora de galego en varios institutos da provincia da Coruña.

Escribiu en moitas revistas e xornais galegos e tocou o violín en varias orquestras.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, o Día das Letras Galegas.






Luísa Villalta, á esquerda, con Susana, a súa irmá pequena.



Luísa formou parte, como violinista, da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago.

NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO HOMENAXEAMOS A UNHA ESCRITORA GALEGA




DESCUBRE O NOME DA AUTORA HOMENAXEADA NAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO SEGUINDO O CÓDIGO DO RECADRO.

LUÍSA ESCRIBIU MOITOS LIBROS DE POESÍA EN GALEGO.




LUÍSA VILLALTA OU ROSALÍA DE CASTRO? ARRODEA O RETRATO DE LUÍSA.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ NACEU NA CIDADE DA CORUÑA.




COLOREA A PROVINCIA ONDE ESTÁ A TORRE DE HÉRCULES.

O MONUMENTO MÁIS IMPORTANTE DA CIDADE DE NACEMENTO DE LUÍSA É UNHA TORRE, A DE HÉRCULES.



**A CORUÑA**


**LUGO**



EN QUE CIDADE GALEGA NACEU LUÍSA VILLALTA? COLOREA.




LUÍSA FOI PROFESORA DE GALEGO EN VARIOS INSTITUTOS DA CORUÑA.



SIGUE A SERIE PARA AXUDARLLE A LUÍSA A CHEGAR AO INSTITUTO.

LUÍSA VILLATA FORMOU PARTE DA XOVE ORQUESTRA DE GALICIA.



QUE INSTRUMENTO MUSICAL TOCABA LUÍSA VILLATA? COLORÉAO.



## AS CHAVES DO TEMPO

.XVII

...

A través da xanela víanse pasar nubes, a moita velocidade, dando luz e sombra alternadamente á estancia. Logo veu a noite, pero axiña veu o día outra vez. As árbores medraban ostensiblemente, movíanse as ramas e expandíanse as follas. A madeira do chan facía ruídos, como se insectos ou ratos andasen a rillala por dentro. De cando en cando caía como unha chuvia que axiña secaba. Outra vez veu a noite. Os tres continuaron bebendo até que a botella ficou valeira. Pasarían como setenta veces sete días, a contar polo número de ocasións en que saíu o sol e desapareceu, cando Merlín retomou a palabra.


-»Agora que sabedes o noso grande misterio, podedes preguntarme o que queirades».

Don Pedro tardou algo tamén en recuperar a fala. Sen conciencia do tempo meditou e, despois de minutos que quizá fosen anos, contestou:




-»Supoño que non fai falta contar todo o que pasou desde que o meu pai, o Rei don Arturo...»

-»O Vello», interrompeu Merlín.

-»O Vello», confirmou don Pedro.



COLOREA A COROA SEGUNDO O CÓDIGO.



**1**


**2**

**3**

CONTA AS ESTRELAS QUE FIXO MERLÍN COA SÚA VARIÑA MÁXICA. ARRODEA O NÚMERO CORRECTO.



ATOPA AS TRES DIFERENZAS. COLOREA.



RECORTA OU PICA AS PEZAS PARA COMPOÑER O CREBACABEZAS DE MERLÍN.


## TEORÍA DE XOGOS

...

O inverno avanzaba. Nunha terra chuviñenta como esta nótanse perfectamente os pequenos choutos que dá o ano cando, de pronto, un día amañece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois dunha tempada, logo outra vaga de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao verán. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre máis espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. Ao saírmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevista e molesta.








**PRIMAVERA**



**VERÁN**



**OUTONO**





**INVERNO**


COLOREA A ESTACIÓN DO ANO NA QUE ESTAMOS.



COLOREA, RECORTA E VISTE A NENA DE ROUPA DE VERÁN E O NENO DE ROUPA DE INVERNO.



COLOREA, RECORTA E VISTE A NENA CON ROUPA DE VERÁN E O NENO CON ROUPA DE INVERNO.



DEBUXA UNHA PAISAXE DA TÚA ESTACIÓN DO ANO PREFERIDA.